



INFORMACIÓN DE INTERESE SOBRE O INTERCAMBIO CO CENTRO AMERICANO NEWARK ACADEMY (NOVA JERSEY)

Reunión informativa: *xoves, 2 de novembro de 2023, ás 18:30 horas na aula 002.*

O intercambio co centro **Newark Academy**, sito no estado de Nova Jersey, xorde para levar a cabo o proxecto “**Facendo camiño ao diálogo entre culturas**”.

É importante subliñar que se trata dun **proxecto de inmersión lingüística e cultural** no que participa ao alumnado de 1º de bacharelato do noso centro.

O intercambio ten **dúas fases**:

1. Na última quincena de xuño, na que os/as alumnos/as americanos/as visitan o noso centro e realizan saídas culturais acompañados polo alumnado do intercambio (sempre que o/a alumno/a do noso centro non teña que realizar exames de recuperación). Todas estas actividades aparecen reflectidas nun “dossier” que se entrega a cada familia anfitroia. As saídas son elixidas previamente de acordo cos intereses do centro americano (obradoiro de cociña, unha xornada do Camiño de Santiago e percorrido por Santiago de Compostela, visita ás Termas de Ourense, ao Grove, ao castelo de Soutomaioir...).
2. Durante a primeira quincena de setembro, do 30 de agosto ao 13 de setembro, o alumnado do noso centro viaxa a Nova Jersey. As saídas culturais que se levan a cabo abranguen museos (Museum of Natural History, the MET), zonas educativas (un día de integración nas aulas da Newark Academy ou na Kushner Academy, Tour of Princeton University), visita dos puntos máis destacados e senlleiros de Nova York (Meat Packing District, Chelsea Market, Brooklyn Bridge, Central Park, Rockefeller Centre, the Top of the Rock, Battery Park, Public Library, ...) e arredores (Liberty Island, Ellis Island, West Point Military Academy, Grounds for Sculpture, ...).

As familias anfitroias de España e EEUU son as encargadas de realizar algunha saída na fin de semana.

Orzamento do intercambio: 1.500€

Inclúe:

- Traslado a Nova Jersey (voo) + seguro de cancelación + seguro médico.
- Voo dun dos profesores acompañantes (rateado entre o número total de alumnos que participan no intercambio).
- Gastos das saídas realizadas en España (pernoctas, entradas, transporte).
- ESTA (documento obrigatorio para entrar nos Estados Unidos).
- Regalos para alumnado e profesorado americano.
- Diarios para que os/as alumnos/as poidan reflectir a súas experiencias durante a viaxe.
- Cea de despedida.

*Tentamos devolver certa cantidade do desembolso inicial ás familias ao rematar a viaxe.

Participación no intercambio

Unha vez presentada a solicitude de participación no intercambio (prazo de presentación: do 2 ao 10 de novembro) e realizadas as presentacións do alumnado que así o requira, procederase a facer unha listaxe de acordo cun baremo. Esa listaxe farase pública o 23 ou 24 de novembro e os/as alumnos/as admitidos deberán ingresar 300€ na conta do centro o 1 de decembro, cantidade non reembolsable no caso de anular a participación do/a alumno/a de forma unilateral.

As cotas a ingresar serán as seguintes:

- 1ª cota (sinal): 300€ 1 de decembro.
- 2ª cota: 200€ antes do 9 de xaneiro.
- 3ª cota: 200€ antes do 6 de febreiro.
- 4ª cota: 200€ antes do 5 de marzo.
- 5ª cota: 200€ antes do 5 de abril.
- 6ª cota: 200€ antes do 7 de maio.
- 7ª cota: 200€ antes do 5 de xuño.